

# RAIGAME

## Romaría Etnográfica Raigame Xornal informativo no Día das Letras Galegas



17 de Maio de 2011

Dep. Legal: OU 75-2008 Nº 8

A Romaría Etnográfica Raigame cumpre os seu décimo aniversario. Son xa dez anos dende que a principios deste novo milenio botou a andar este proxecto, hoxe xa consolidado, que se ben nos seus comezos pretendía festexar o Día das Letras Galegas dun xeito diferente, hoxe é un referente en todo o país como exemplo da promoción da nosa cultura tradicional.

A través da música, da danza, do canto, da artesanía, da gastronomía, dos xogos, etc, a exaltación da nosa cultura é o motivo polo que miles de persoas se achegan a Vilanova dos Infantes ano tras ano, sendo xa unha data marcada no calendario festivo cultural de moitos deles. Nenos sorprendéndose de actividades artesanais que moitas delas xa nin nas aldeas se poden observar, pais recordando cando eles eran nenos e avós que en moitos casos vense retratados nos artesáns que tentan manter a sabedoría que xeración tras xeración se foi transmitindo. Así é a Romaría Raigame, unha festa familiar, onde hai actividades para todas as idades, onde todos poden aprender vendo, facendo, probando, xogando, bailando.

E todo isto nun marco excepcional como é Vilanova dos Infantes. Esta festa non sería posíbel sen a colaboración dos veciños de Vilanova, que por un lado ceden os baixos das súas casas para que se podan instalar os diferentes artesáns que participan na Romaría Etnográfica, e por outro, sofren as incomodidades que a organización dun acto como este implica. Tanto para eles, como para todo o público que se achegan cada 17 de Maio a Vilanova como público participante, facendo que teña sentido este modo de celebrar o día das Letras Galegas, o máis sincero agradecemento e recoñecemento dende todos os compoñentes da Organización.



### SUMARIO

#### PARTICIPANTES

- X Aniversario da Romaría Etnográfica Raigame
- Os museos ao aire libre

#### HISTORIA E ARTE

- Os músicos da Danza de Vilanova
- O "Rinrin", nexo entre Vilanova e Muxicas

#### EXPOSICIÓNS

- Dez Anos de Exposicións Etnolóxicas.
- A Romaría Etnográfica de Vilanova en Fotografía
- Exposición: 10 Premios

#### ACTIVIDADES

- Artesáns en vivo
- Música, canto e baile tradicionais
- Títeres, contos e xogos populares

#### CONCURSOS

- Fotografía e Investigación
- Premios da IX Edición do Concurso Raigame

#### PECHE

- III Premio honorífico "Xan de Barros": Os veciños de Vilanova

Contactos en:

[www.romariaraigame.es](http://www.romariaraigame.es)

*Praza de Vilanova  
Fotografía de Ruth  
Matilda Anderson, tomada o 17 de Xullo de 1925*

# X EDICIÓN DA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

No ano 2002 botou a andar un proxecto nacido dende o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense, naquel momento Escola Provincial de Danza, en colaboración co Concello de Celanova, co que se pretendía festexar o Día das Letras Galegas escapando da recorrente fórmula de ler uns textos do autor homenaxeado.

A pretensión era a de facer extensiva esta celebración á Cultura Popular galega, entendendo por popular a que o noso pobo crea, vive e consume, moitas veces de xeito inconsciente, no seu quefacer diario: falando, traballando, xogando, cantando, comendo, etc. En definitiva, darlle unha homenaxe ao pobo galego por ser quen é e como é.

Ao mesmo tempo, o proxecto tiña a intención de ensinar aos máis novos, ou simplemente descoñecedores, xeitos de vida que hoxe, algún dirá afortunadamente, xa desapareceron ou están en declive (principalmente traballos e oficios manuais), pero que aínda nestes tempos de avanzada tecnoloxía dixital e cibernética poden ter un gran valor dentro de sectores como o turismo en áreas do rural en claro perigo de despoboamento.

E dentro da interrelación da nosa sociedade existe unha actividade que aglutina artesanía, gastronomía, música, contos, ritos, crenzas, etc, é dicir, o traballo e a festa. E esta é a romaría, onde podemos atopar “pulpeiras”, zapateiros, oleiros, gaiteiros, ferreiros, rosquilleiras, afiadores, feirantes, títeres, contacontos, e un longo etc de actividades que conforman a programación de cada edición da Romaría Etnográfica de Vilanova.

Vilanova dos Infantes, no Concello de Celanova, é o marco ideal desta celebración, grazas principalmente á inestimábel colaboración dos seus veciños que ceden os locais para a instalación dos obradoiros dos artesáns e que sofren as incomodi-



**Artesán cesteiro facendo pezas novos deseños decorativas de palla de centeo**



**Rapazas da Escola Provincial de Danza cantando ao pé da Torre de Vilanova**

dades de cortes de tráfico nas rúas da vila e o alboroto de miles de visitantes, tanto o propio día da festa como os días anteriores cos preparativos e os posteriores cos traballos de recollida e limpeza para deixar todo como estaba antes da Romaría. Pero todas estas molestias son gratificadas cando os veciños ven a vila chea de xente, con vida, con actividade, como a mediados do século vinte, din os máis maiores que o acordan, cando Vilanova tiña talleres de zapateiros producindo continuamente, cunha banda de música con actuacións todas as semanas do ano.

Por outra parte, esta festa serve para darlle sona non só a Vilanova, senón a toda a comarca de Celanova. Os visitantes que cada ano se achegan a Vilanova (a Organización estima que entre cinco e sete mil en cada edición) descubren e teñen un montón de alternativas turísticas, lúdicas e culturais nos arredores para repetir visitas noutros días. A sabendas de que hai moitas máis, podemos citar Celanova co seu Mosteiro; A Merca e o conxunto de Canastros máis grande de Galiza; o Castromao; a área recreativa da Bola; e un longo etc.

Todos estes atractivos que ofrece Vilanova e a Comarca de Celanova teñen chegado, grazas a participantes e visitantes, a lugares de todo o territorio galego, de España, de Portugal, e mediante proxectos de cooperación europea a Francia e Polonia. Así, a Romaría Etnográfica Raigame ten unha ampla promoción que fai que a súa celebración sexa unha data marcada entre as festividades de máximo interese. A excelente aceptación que esta festa recibe por parte do público de todas as idades, augúralle un futuro prometedor, poñendo un halo de optimismo cara a promoción, difusión e conservación da cultura popular galega.

# MUSEOS ETNOGRÁFICOS AO AIRE LIBRE

Os museos etnográficos ao aire libre teñen unha longa tradición no norte e centro de Europa. O seu nacemento remóntase finais do século XIX e principios do XX nos países escandinavos, cando os cambios provocados pola industrialización estaban a mudar o estilo de vida de suecos e noruegueses, que de algún modo ían perdendo a súa identidade como pobo agrícola e rural para se converteren en sociedades urbanas e industrializadas. Na Exposición Universal de París de 1867, Noruega e Suecia participaron de forma conxunta cunha serie de reproducións de edificios de madeira de finais da Idade Media, acompañadas dunha colección de traxes folclóricos. Esta iniciativa ía exercer unha forte influencia no futuros museos ao aire libre.



*Artesán cocendo pan no Museo ao aire libre de Etar, Bulgaria*

En 1882, o rei Óscar II reconstruíu nas proximidades de Oslo unha granxa que o público podía visitar. Este era o xerme dun proxecto máis amplo que abandonou polo seu alto custo económico. Paralelamente, o sueco Artur Hazelius levaba anos recorrendo o seu país e recompilando obxectos de comunidades agrícolas que expuxo en 1873 nunha casa particular de Estocolmo onde fabricou dioramas, grandes escenarios pintados representando o interior de casas de campo con mobles e manequíns con traxes folclóricos. Na década de 1880 decidiu cambiar estas exposicións por “cadros vivos”, e en 1891 abriu ao público o Museo Skansen en Estocolmo, onde se reconstruíron casas e granxas segundo modelos de todas as rexións do país, poboadas con xente e animais, incluso con mostras da fauna e flora salvaxes, que reproducían a antiga sociedade agraria, coas súas ocupacións, traballos, festas, etc. A condición de profesor de Hazelius fixo que toda esta mostra tivese un carácter didáctico, ilustrando aspectos históricos, xeográficos e sociais da vida tradicional sueca, ao tempo se creaba un lugar de recreo facendo de Skansen un punto de encontro nacional e converténdose en modelo para outros moitos futuros museos.

Seguindo a estela do Museo Skansen, en 1894, fundouse o Norsk Folkemuseum que conta con 150 construcións típicas de todas as rexións de Noruega, mostrando as diferenzas entre o mundo rural e urbano e as diferentes clases sociais. Conta con exposicións de arte tradicional, vestuario, xoguetes, etc, e a súa posta en escena tamén ten un obxectivo didáctico, onde os traballadores do museo, granxeiros, gandeiros, artesáns, etc, explican aos visitantes os pormenores do seu oficio.

Este novo concepto de museo estendeuse pronto a Finlandia, o norte de Alemaña, e os Países Baixos. En 1901 creouse outro en Lingby, Dinamarca, e en 1912 naceu o de Arnhem, en Holanda. Durante todo o século XX foron nacemento outros moitos museos ao aire libre en países como Gran Bretaña, Irlanda, Francia, USA, Rusia, Bulgaria, Hungría, etc. e o seu modo de funcionar tamén foi evolucionando co paso do tempo, facendo fronte ás demandas do público con moi diferentes solucións, intentando que sexan rendíbeis e atractivos sen esquecer o seu papel museolóxico e didáctico.



Museos etnográficos, museos de arte popular, museos rexionais ou locais, ecomuseos, museos de folclore, son “primos” dos museos ao aire libre onde en todos eles, se intenta explicar un modo de vida desaparecido para entender o presente e buscar solucións cara o futuro da nosa sociedade. E sen querer ser presuntuosos, a Romaría Etnográfica Raigame pretende achegarse ao concepto de museo ao aire libre onde a cultura popular é a temática central, Vilanova dos Infantes o marco expositivo e artesáns, artistas e visitantes elementos interactivos artífices deste proxecto.

*Casas tradicionais norueguesas no Norks Folkemuseum de Oslo, Noruega*

# OS MÚSICOS DA DANZA DE VILANOVA

Por Carolina Piñeiro

## Sen eles non hai quen baile

Non hai danza sen danzantes, claro. Pero que poden facer os danzantes se non hai ninguén que, coa súa música, os guíe? Nos últimos anos, este labor é competencia do “Trío Calavera”, como lle chama o Rin Rin, encargado do bombo. O seu irmán, o Dardo, colle os ritmos e redobra na caixa os pasos dos danzantes. Xunto a eles, o Paulino, á gaita.

A danza de Vilanova ten varias partes. A Redonda, a Reverencia, a Ponte e xa entón os Paloteos. Cinco distintos hai na danza e un deles é o máis coñecido: a Rabiosa. Cando os danzantes pousaron os paus no chan, entra no espectáculo o noveno danzante: a Madamita, que lles trae as cintas para o Trenzado. Non remata aí, pero cando os bailaríns conseguen desfacer o embeleñado que fixeron, a danza de Vilanova colle outra forza. Xa non pode saír nada mal se isto saíu ben. A festa está completa, a praza da vila apláudelle á Virxe. E ós danzantes.

Quen fixo bailar á pequeniña durante moitos anos foi o Gamarro. El foi danzante, o Rin Rin tamén o foi, e o Dardo. O Paulino nunca pasou por ese papel. “Debes ser dos poucos en Vilanova que non danzaron”, recórdalle a súa muller, Elena. Quizais por iso o convenceron para que hai xa uns 39 anos collera por primeira vez unha gaita para aprender

cada unha das partes do baile. Ata aquel momento, nunca collera o instrumento galego. De feito, as primeiras notas que nas mans do Paulino saíron dunha gaita foron as da Danza de Vilanova. Os seus eran, e seguen sendo, o clarinete e o saxofón, ós que aínda hoxe lles dá xeito na Banda de Música. “O Dardo foi o que me dixo que tiña que tocar”. El viña de Suiza e, cando chegou, había quen tocara, si, pero cun clarinete. “A danza tiña que ser coa gaita, claro”, lembra o músico.

Alí estivo el, día e noite, día e noite, aprendendo as notas musicais duns pasos que nunca tivera que executar. Dende entón, veu cada ano polas Festas do Cristal para que oito homes (ou co tempo tamén mulleres) puideran saudar á Virxe como merecía. Paulino lembra que “tiña que coller as vacacións sempre en setembro”. Con todo, a gaita nunca acabou de encherlle o ollo. Si que aprendeu máis pezas despois da danza, pero nunca a tomou en serio ata o punto de ensaiar con ela coma cos outros dous instrumentos. El di que non sabe, que seguro que hai quen a toque mellor ca el, pero algúns coma min, nunca vimos a danza doutro xeito e non nos acabaría de convencer que quen puxese a música non fosen o Paulino, o Dardo e o Rin Rin. “Os meus cuñados (os outros dous músicos, porque está casado cunha súa irmá) rífanme se me equivoco e pónense tolos comigo, pero como eu nunca fun danzante, non sei as partes tan ben coma eles”.



*O Paulino, o “Dardo” e máis o “Rin Rin” tocando a danza na praza de Vilanova.*



*A procesión saíndo de Vilanova polo camiño de Celanova en dirección cara o Cristal encabezada polos danzantes e músicos*

Quen si coñece tamén cada paso da danza é o Gamarro, o da Madamita. Para sabela bailar houbo que ser danzante en Vilanova porque ela, aínda que pequena, tamén o é.

Por iso, a boneca non se move igual na Rabiosa que na procesión. Din que “só hai que irlle tirando do cordel”, pero poucos hai que hoxe lle deran collido o

xeito. Elena di que a ela, sen ser o Gamarro, só lle gusta verlla bailar ó Ayala. “Claro, porque el tamén foi danzante”, recórdanlle.

Moitos en Vilanova pasaron por ese labor. Case todos nalgún momento. Antes os nenos pelexaban por saudar á Virxe. Hoxe os nenos son tamén mulleres e xa non sobran. O Rin Rin, por exemplo,

recorda un tempo no que había dous grupos de danzantes, o dos grandes e o dos pequenos. E para entrar, daquela, había que pasar pola reserva.



*Os danzantes despois de bailar xunto co “Dardo” e “Rin Rin” e máis o “Gamarro”, o encargado de facer bailar a Madamita*



# O RINRÍN, NEXO ENTRE VILANOVA E MUXICAS

Por Carolina Piñeiro

**“Vilanova estivo presente en Muxicas, tanto que tiñamos unha peza que era a Muiñeira dos Sete Infantes”**

A música está, estivo e estará sempre presente na vida dos veciños de Vilanova. Sería difícil entender a vida do lugar dos Sete Infantes sen ela porque os recantos de cada casa gardan para si un instrumento e todos eles conflúen ós sábados (ou confluíron nalgún momento) no Teleclub. Cada familia conta entre os seus, cando menos, cun músico na casa e raro é o vilanovés que non pasou pola Banda. Pero se a música é importante para os veciños, aínda o é máis para Manuel Vázquez. Non se pode esquecer, claro, que isto é Vilanova e que este nome pouco di se non se acompaña de “Rin Rin”, un mote que acabou por ser máis nome có propio. Foi danzante, músico na Banda, gaiteiro e tamborileiro. Hoxe segue exercendo coma este último cada 15 de setembro nas Festas do Cristal. Á devoción que tódolos veciños de Vilanova senten pola súa Virxe el ponlle ritmo no bombo. Ó Rin Rin

Citröen deulle de comer durante máis de 30 anos, pero a música alimentouno moito máis. Foi membro do recoñecido conxunto de música tradicional Muxicas, onde o tamboril, que el mesmo fixo coas súas mans, non facía barullo, senón que soaba coma el. “Rin Rin”.

**Aparte de que non hai casa en Vilanova na que non haxa un músico, a súa relación coa música tradicional de onde lle ven?**

Na miña familia eramos dez irmáns. Cinco homes e cinco mulleres e os cinco eramos músicos e se daquela deixasen estudar, seguro que as cinco mulleres tamén eran músicas. Eu marchei para Venezuela moi novo, pero antes de marchar xa estivera de danzante en Vilanova. Alí en Caracas participei na fundación da Hermandad Gallega e toquei en diferentes agrupacións. Ademais, tiven a sorte de poder tocar con Ricardo Portela, que estaba alí. Eu non sei se por merecela ou por que, en Venezuela déronme a medalla de ouro do coro Castelao. Ós 21 anos volví para Vilanova para facer a mili e estar coa familia. Ó volver toquei tamén na banda de música un tempo. Despois casei en Celanova e xa nos viñemos vivir para Vigo por motivos de traballo. Aquí en Vigo xa foi cando comezou todo o de Muxicas.

**E o nome de Muxicas ten algo que ver con Vilanova? Porque aquí había unha familia que lle chamaban así.**

Si, había a familia dos Muxicas. Pero non o collemos de aí, nós collémolo das muxicas do lume. De feito, no noso anagrama aparecían elementos de Vigo, coma o castelo e o olivo, e máis unha fogata.

**Pero Vilanova sempre estivo presente no grupo, non?**

Tan presente que incluso tiñamos unha peza moi bonita que era a Muiñeira dos sete infantes. Tamén estive-mos en Celanova tocando unha vez nun concerto que tivera moito éxito. Eu sigo vindo cada vez que podo e sempre lles falei moito de Vilanova ós meus compañeiros.

**E as pezas que tocaban, de onde eran principalmente?**

Moitas eran do cancionero de Castro Sampedro. Recolliamos pezas por toda Galicia, pero a maioría eran da zona de Cangas. Houbo pezas coas que chegamos a ter problemas, porque algunhas cancións de antes tiñan

**Portada do disco “Parolada” de Muxicas, do ano 1982, no se inclúe a peza “Muiñeira dos sete infantes”**



letras un pouco picantes. Había unha que foi malinterpretada porque parecía que lle chamaba animal a un santo que estaba feito de nogal e pesaba moito ou outra que falaba de “povos”. Pero eran así as cancións populares.

**Aínda que comezaron como quinteto tradicional, co tempo foron ampliando os instrumentos e incluíron outros como zanfonas. Sempre tiveron claro que a tradición era o que había que manter?**

Si, iso si. Eu son moi tradicionalista e non entendo algunhas modas que hai hoxe, pero o da tradición foi algo que nós sempre tivemos claro. Eu ó principio tocaba só o tamboril, pero despois tamén me animei con todo o que era de percusión: o pandeiro, as cunchas, as piñas...

**No ano 2000, os Muxicas despídense en Vigo. Como foi aquel concerto?**

Foi moi bonito. Viñeron as pandereteiras do Berbés e varias rondallas e despedímonos no García Barbón.

**E volvéronse xuntar dende entón?**

Xuntámonos para comer un par de veces, pero para tocar xa non. Seguimos mantendo o contacto, a pesar de que non nos vexamos moito. Pero eu non deixei de tocar. Sigo colaborando con moitos grupos no barrio de Lavadores porque a min se me falta a música, morro. Dende que deixamos Muxicas fun tamén dar un curso a Bélxica e alí deille clases a unha rapaza que quedou segunda en Eurovisión hai uns anos. Verónica, chamábase. Foi unha que era filla de emigrantes galegos e levava gaitas ó concurso. E tamén teño sido xurado nalgún concurso de música tradicional. Non me separei do mundo da música, sigo facendo cousas.



*O “Rin Rin” tocando o bombo*

**E como ve hoxe en día a música tradicional?**

Hai moita mestura. Pero hai xente que paga moito a pena. Unha vez que Muxicas fomos a Barcelona, tocamos con Susana Seivane, que daquela estaba alí, e tiveron tamén a oportunidade de tocar con Carlos Núñez.

**Aínda que o de Muxicas non veña de Vilanova, poucos veciños hai que manteñan o nome propio. O seu, Rin Rin, de onde lle ven?**

A miña irmá di que mo puxeron porque cando era pequeno sempre estaba rindo. E de dicirme “ri, ri” foime quedando. Hai xente que nin sequera sabe como me chamo e, ó mellor, se alguén berra por min como Manolo igual non atendo, pero se din Rin Rin sei que son eu. É que en Vilanova todo o mundo ten algún mote e as familias tamén.



*Os compoñentes do grupo “Muxicas” co Rin Rin*

## DEZ ANOS DE EXPOSICIÓNS ETNOLÓXICAS

A idea de converter Vilanova dos Infantes nun museo da etnografía e etnoloxía galega ten o seu máis claro exemplo nas exposicións que a Organización ven realizando na adega do San Vivián e máis na Praza da Torre.

A intención é a de amosar unha actividade etnolóxica concreta, un oficio, un traballo, que se converte no tema central da Romaría, que dun xeito ameno, didáctico e sinxelo, mediante a mostra de ferramenta, produtos, fotografías, vídeos, paneis explicativos e artesáns traballando en vivo, elementos que se complementan uns aos outros, faga que o visitante non sexa un espectador pasivo, senón que poda ver, tocar, elaborar e falar coas persoas implicadas na actividade.

A Adega do S. Vivián convértese durante a semana anterior e posterior ao 17 de Maio, nun museo no que se poden observar as pezas máis interesantes motivo do tema central da Romaría. Esta antiga adega, que en tempos puido ter sido unha sinagoga xudía, é hoxe un edificio adquirido e rehabilitado polo Concello de Celanova como local no que ubicar o Centro de Interpretación de Vilanova dos Infantes, onde un dos oficios con máis influencia na vila, o dos zapateiros, ha ter o seu espazo.

Precisamente o oficio dos zoqueiros e zapateiros foi o tema da última edición da Romaría. Coa colaboración de antigos zapateiros de Vilanova, zoqueiros da provincia de Pontevedra e Lugo e do Museo "O Muíño" de Mondoñedo, a Organización da Romaría montou unha exposición que deu unha visión global do que foi este oficio no pasado e a orientación que colle cara o futuro dende o punto de vista artesanal, sendo este



*Mostra de chancas, zocas e zapatos realizada no ano 2010*

outro aspecto que pretende abarcar cada exposición. O complemento estaba na Praza da Torre cos artesáns elaborando chancas e zocas e charlando cos visitantes.

Este modelo véñse repetindo nos últimos anos. Na edición de 2009, o tema central da Romaría foi a Olería galega, coa exposición de pezas e ferramentas no S. Vivián e participación de artesáns das catro olerías aínda activas no país nos arredores da Torre: Niñodagua en Ourense, Gundivós e Bonxe en Lugo e Buño na Coruña.

Tamén contamos coa colaboración do Museo da Olería "O Forno" de Buño, un centro digno de admiración tanto polo seu labor de coordinador de artesáns da comarca coruñesa como polo traballo á hora de recuperar pezas antigas, á hora de expoñelas e polas actividades que organizan con colexios para poñer en valor un oficio que ao igual que en outras zonas está en perigo de desaparición.

Paralelamente á mostra de olería galega, a Organización montou ao pé da torre unha exposición sobre a maquinaria agrícola, facendo un pequeno repaso sobre a industrialización dos traballos agrarios. Unha vez máis, a colaboración de persoas vinculadas coa colección, coidado e transmisión da nosa cultura tradicional, foi o que facilitou a realización desta exposición coa cesión de elementos sinxelos como arados ou trillos e outros máis complexos como malladoras a motor procedentes das comarcas de Castro Caldelas



*Aparellos de labranza correspondentes á exposición realizada na Praza da Torre en 2009*





*Colección de pezas de olería de Bonxe e Buño correspondentes á exposición de 2009*

(pezas de Florencio de Arboiro), de Maceda (pezas do Museo dos Devanceiros dos Milagres) e da Limia (pezas de Manuel Mandianes e José Abadín).

En 2008, esta colaboración con outras institucións tivo especial relevancia na exposición montada sobre o mundo do viño. O Museo Etnolóxico de Ribadavia cedeu fotografías e pezas para expoñer, que xunto con outros elementos recopilados pola zona de Vilanova e arredores de Ourense lograron recrear unha auténtica adega no S. Vivián, coas pertinentes explicacións sobre a historia do viño, o seu desenvolvemento na nosa terra e proceso da súa produción artesanal. Por outro lado, a Sociedade Filatélica Miño de Ourense, participou nesta exposición cedendo unha colección de selos, cuños e rodillos relativos ao mundo vinícola, especialmente alusivos a feiras de viño e denominacións de orixe.

Este mesmo ano, a Asociación Barcas do Minho participou na Romaría etnográfica cunha exposición de barcas de río para explicar unha actividade hoxe xa desaparecida na nosa terra e en moitos casos descoñecida: o transporte fluvial. A mostra dalgúns dos diferentes modelos de barcas de río recuperadas pola Asociación, así como a reconstrución dunha desas barcas, descubriulle a moitos visitantes a existencia deste sistema de comunicación na nosa terra.

En 2007, o tema central da Romaría Etnográfica foi o elemento etnográfico galego máis querido por D. Xaquín

Lorenzo, o carro. Unha ampla variedade de modelos de carros galegos procedente da colección do “Mesón do Labrego”, da Merca, xunto cos debuxos de tipoloxías de rodas de Xaquín Lorenzo, a proxección da película *O Carro* de Antonio Román e Xaquín Lorenzo e máis a exposición de xugos do Museo dos Devanceiros dos Milagres, completaron a principal exposición dese ano. Pero non foi a única.

O hórreo, canastro ou cabaceiro, elemento arquitectónico tan característico da nosa xeografía tamén tivo ese mesmo ano a súa exposición grazas á colaboración de Arturo Fernández, autor dunha fermosa colección de maquetas con todas as tipoloxías da nosa terra.

2006 foi o ano no que o mar se achegou a Vilanova. A raíz do concurso de Investigación Etnográfica, co traballo gañador realizouse unha exposición sobre a toponimia da costa e embarcacións pesqueiras de baixa mar, coa presenza de redeiros arranzando o aparello.

O ano anterior, 2005, a temática central foi “O Afiador”, con exposición de rodas de afiar e diverso material relacionado co mundo do afiado pertencente á colección de Florencio de Arboiro.

E en 2004, ano de comezo destas actividades, o proceso de elaboración artesanal do liño foi o motivo da exposición que nos achegou o Grupo de Iniciativas Tradicionais Dobadoira, de Manzaneda.



Sirvan estas liñas, en nome da Organización da Romaría Etnográfica Raigame, como agradecemento e recoñecemento ao labor de conservación e transmisión que realizan todos os colectivos antes citados en prol da cultura tradicional galega.

*En 2008, en colaboración co Museo Etnolóxico de Ribadavia, o tema da exposición foi o mundo do viño*

# A ROMARÍA ETNOGRÁFICA DE VILANOVA EN DEZ ANOS DE FOTOGRAFÍA



*Milagros Fernández gañou o concurso en 2007 con esta paronámica da Praza de Vilanova*



*O gañador da primeira edición do concurso de Fotografía en 2002 foi Rubén Vilanova*

A fotografía é un avance tecnolóxico que se ben no seu comezo foi evolucionando lentamente, nos últimos vinte anos, metidos na era dixital, deu un salto tal, que fixo que todo o mundo, dende o máis cativo e inexperto, sexa quen de obter imaxes instantaneamente e a un custo económico case desprezábel. Obviamente, a calidade destas imaxes non é a mesma a obtida por un afeccionado que por un profesional. Pese a todo, este avance fixo que se popularizase tanto a fotografía, que cada vez é máis xente a que participa nos concursos fotográficos, dando así máis variedade de puntos de vista sobre un mesmo tema.

Isto ocorre co concurso de fotografía da Romaría Etnográfica Raigame, que chega xa ao seu décimo aniversario, no que cada vez hai máis participantes e onde se poden atopar fotografías do máis variado, tanto en calidade como en temática.

Imaxes de grupos de folclore participantes, músicos, bailaríns, pandereteiras, artesáns na execución do seu traballo, detalles que resaltan o seu labor, como poden ser as mans, ferramentas ou o produto final, rostros de persoas que aproveitan a festa para recuperar os oficios que por desuso ou por idade deixaran de exercer, paisaxes da vila, etc, son temáticas recorrentes para todos aqueles que se deciden a presentaren os seus traballos ao concurso.

Estas fotografías, ademais de ilustraren este artigo, pasan a ser parte da memoria da Romaría, e recorren o mundo enteiro a través da páxina web grazas a outro avance tecnolóxico como é internet. E dende hai uns anos, forman parte das exposicións que organiza a Casa da Xuventude de Ourense dentro do programa do Outono Fotográfico.



*En 2008, esta fotografía de músicos ao pé da torre de Jesús Mª Torrado tamén obtivo premio*

Neste concurso hai autores asiduos que en máis dunha ocasión lograron algún premio polos seus traballos, como son os casos de Rubén Vilanova, de Xoel Gómez, Héctor Guzmán ou José Luis Diz Rodríguez. Premios que ademais do seu valor económico, foron publicados na Revista Raigame. Tamén queremos destacar a participación da Asociación Fotográfica “Os Potiños” do Carballiño, da que numerosos membros son partícipes ano tras ano.



*En 2004, Rubén Vilanova repetiu gañando o primeiro premio*



*Verónica Rodríguez tamén obtivo o recoñecemento do xurado polos traballos presentados en 2003*

E a elección dos gañadores non resulta fácil para o xurado, sempre formado por algún profesional, que ademais de dar a súa apreciación sobre as calidades estéticas das fotografías, algo que ben pode ser subxectivo, aporta a súa sabedoría sobre os aspectos técnicos, que en moitos casos poderían pasar desapercibidos para os non profesionais. Deste xeito, a Organización garante que a elección dos premiados sexa o máis xusta posíbel.



*Noemi Alba Dobaño foi premiada por esta vista dende a torre de Vilanova en 2005*

## ARTESÁNS EN VIVO

A artesanía e os artesáns traballando é un dos principais atractivos que ofrece a Romaría Etnográfica Raigame. O público pode observar, aprender e nalgúns casos participar na elaboración de produtos artesanais tales como pezas de barro, zocas, pan, cestos, complementos de coiro, etc.

A lista podería chegar a máis de vinte oficios aos que se dedican os máis de sesenta artesáns que cada dezasete de Maio se dan cita en Vilanova. Algúns deles son profesionais que toman esta data festiva como unha xornada de festa e traballo na que ademais de facer negocio, porque tamén venden os seus produtos, teñen un achegamento ao público moito máis humano, falando, explicando e ensinando o seu traballo, ao tempo que comparten experiencias con compañeiros do mesmo oficio procedentes de distintas áreas do territorio galego e outras aínda máis afastadas (Portugal, Zamora, Asturias...).



Pero tamén hai artesáns retirados, que en días como este retoman a actividade de toda unha vida para ensinar aos máis novos modos de traballar e técnicas doutros tempos. O Centro de Artesanía Tradicional de Vigo ven participando dende hai anos na Romaría de Vilanova aportando artesáns como cesteiros, canteiros ou carpinteiros.

De igual modo, as mulleres da Asociación Eirada de Vilar de Santos, Ourense, cada ano ensínannos o proceso de elaboración do liño, actividade que se complementa coa elaboración de telas no obradoiro de teares de Concha Outeiriño, artesá que amplía a súa actividade con cursos semestrais no Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo de Ourense.



*Arriba, o cesteiro traballando cos vimbios, á esquerda, membro da CDR Eirada mazando no liño, e abaixo, o carpinteiro do CAT facendo unha sella*



## MÚSICA, CANTO E BAILE TRADICIONAIS

Dende a primeira edición da Romaría Etnográfica Raigame, a Organización pretendeu que esta festa fose unha grande mostra do folclore galego na que xente de todas as idades tivese a oportunidade de participar sen estaren condicionados polas formalidades que requiriría



a escenografía dun teatro ou mesmo dun escenario. Ao mesmo tempo, a Organización buscaba que os artistas (músicos, bailaríns, cantantes, pandereteiras) se integrasen completamente na festa, como algo intrínseco a ela e non como un elemento alleo e complementario, para que o seu paso por Vilanova fose algo natural.

É por iso que se evitou a instalación de escenarios, de aparellos de amplificación de son ou de calquera outro elemento, e tan só se delimitaron diferentes momentos do día e espazos de Vilanova, onde os distintos grupos puidesen mostrar o seu labor polo noso folclore.

As distintas prazoletas da vila como a Praza do Arrabaldo, Tralacerca, a do Balcón, do Castelo, da Torre e a Praza Maior reciben durante toda a xornada a grupos de baile, grupos de pandereteiras e grupos de música tradicional procedentes de toda a provincia ourensá, e doutras como Lugo ou Pontevedra, e mesmo dende Portugal, nun número aproximado de mil bailaríns, músicos e pandereteiras, incitando á participación espontánea dos espectadores.

*Músicos de diferentes grupos na pasada edición*

## TÍTERES, CONTOS E XOGOS POPULARES



*O músico "Cé Orquestra Pantasma" durante a súa participación no 2010*

Xunto cos grupos de folclore, grupos de animación e ambientación recorren as rúas de Vilanova recordando os vellos títeres e feirantes que se gañaban a vida facendo música e contando historias polas vilas os días de feira. Unha vez máis, grupos veteranos na Romaría como "Mariacastaña" ou "Viravolta" e outros con menos participacións como o home orquestra "Cé Pantasma", realizarán os seus espectáculos en varios pases ao longo do día. Ente eles, *O cego dos monifates*, no que o monicrequeiro agachado na capa do cego coa zanfona cantan e representan romances históricos, contos populares, etc.

Outra actividade clásica da Romaría é o obradoiro de xogos populares do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, actividade que durante o curso escolar levan a diferentes centros educativos da nosa provincia, mostrando os diferentes modos de divertimento que tiñan os nosos antepasados. Este é un claro exemplo de que actividades do pasado teñen o seu interese entre a xuventude de hoxe. O xogo dos aros, carreiras de zancos e de sacos, o xogo da chave e da ra, os bolos ou a porca, son algúns dos xogos tradicionais galegos cos que tanto maiores como pequenos poderán recordar ou descubrir durante toda a xornada festiva.



*Neno xogando cos aros*



# PREMIOS DOS CONCURSOS DA IX “ROMARÍA RAIGAME”

O pasado 6 de Setembro reuníronse en Celenova os xurados dos concursos da IX Romaría Etnográfica Raigame, acordando conceder os seguintes premios:

O xurado do **concurso de fotografía**, constituído por Xosé Vázquez “Che”, José Paz e Jesús Regal, que actuou de secretario, acordou conceder os premios da seguinte maneira:

**Primeiro premio** de 600 € ao traballo presentado co título “Presente e Futuro” de **Jesús García Otero**, de Brión, A Coruña.

**Segundo premio** de 300 € ao traballo presentado co título “Un alto no camiño” de **José Luis Diz**, de O Carballiño, Ourense.

**Terceiro premio** de 150 € ao traballo presentado co título “Aprendendo” de **Etelvino Blanco Rodríguez**, de Ourense.

O xurado, ante a masiva participación con fotografías de calidade, acordou conceder accesits aos traballos titulados:

“Unha industria sostible” de Jesús García Otero, de Brión, A Coruña.

“Fai calor” de Guillermo Dacal Pérez, de Ourense.

“O xogo da peonza” de Francisco Gutiérrez Tejerina, de Ourense.

“Maus e mimbre” de José Álvarez Rodríguez, de Celanova.

“Temple nas mans” de José Álvarez Rodríguez, de Celanova.

Sen título 1, de Román Nóvoa Pérez, de Ourense.

Sen título 2, de Román Nóvoa Pérez, de Ourense.

“A parola do barquilleiro” de José Luis Diz, de O Carballiño, Ourense.

“Raigame News” de José López Pérez, de Santiago de Compostela.

No apartado de **Investigación Etnográfica**, o xurado constituído por Lalo Pavón González, Francisco Javier Álvarez Campos e José María Roríguez Álvarez, que actuou de secretario, acordou conceder o premio de 750 € ao traballo presentado co título “**O rianxo en Ourense**” de **Martín Álvarez González** e **Fernando Valcárcel González**, de Ourense.



*Arriba, fotografía de Jesús García Otero, gañadora do primeiro premio. Abaixo, fotografías de J. Luis Diz, gañadora do segundo premio e Etelvino Blanco Rodríguez, terceiro premio.*



# BASES DOS CONCURSOS DA X “ROMARÍA RAIGAME”

Con motivo da celebración da **X Romaría Etnográfica Raigame**, organizada polo “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2011, convócase o **X Concurso “Romaría Etnográfica Raigame”**, que estará regulado polas seguintes

## BASES

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.

2. Os temas abordados nos distintos apartados do concurso deberán estar inspirados ben na Romaría que se celebra o día 17 de maio de 2011 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense), ben nas vivencias da cultura popular galega en xeral, segundo a modalidade do concurso en que participe.

3. O concurso terá **2 modalidades**:

**a. Concurso Fotográfico.** Recollerá aspectos da xornada de celebración da presente edición da Romaría Raigame. As fotografías presentadas deberán ser orixinais en papel fotográfico en cor ou en branco e negro. Cada fotografía deberá levar un título identificativo e non se poderán presentar máis de 3 fotografías. Premiarase unha única fotografía. Tamaño mínimo de 18x24 cm. Tamaño máximo de 30x40 cm. sen montar.

**b. Concurso de Investigación Etnográfica.** Non precisan facer referencia explícita á Romaría Raigame, pero si á etnografía galega. Os traballos deberán ser presentados en lingua galega.

4. **Premios:**

a. Concurso Fotográfico:  
Un premio de 600 euros.  
Un premio de 300 euros.  
Un premio de 150 euros.

b. Concurso de Investigación Etnográfica:  
Un único premio de 750 euros.

5. Segundo a normativa legal vixente, os premios que superan a contía de 300 euros estarán suxeitos á perceptiva retención fiscal.

6. O xurado será nomeado polos organizadores da X Romaría Etnográfica Raigame e as súas decisións serán inapelables.

7. Os traballos deberán ser remitidos ben ao “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández”, ou ben ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, facendo constar a modalidade na que participa. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: Nome, dirección, teléfono.

8. **A data límite** de presentación dos traballos será o día **31 de Xullo de 2011**.

9. Unha vez que o xurado falle os premios, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, podendo declarar deserto algún deles, así como conceder accesos especiais, consistentes na publicación dos traballos na revista “Raigame” do “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación de Ourense.

10. Os premios serán entregados arredor do día 15 de setembro de 2011 coincidindo coa celebración da Romaría da Virxe do Cristal, para o cal os galardoados serán citados a través dunha comunicación persoal.

11. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles (total ou parcialmente en publicacións, exposicións, cartelería, ou mediante calquera outro medio) nomeando a súa autoría.

12. Os traballos presentados ao concurso de fotografía poderán ser utilizados para a realización dunha exposición sobre a Romaría Raigame dentro da programación do Outono Fotográfico, durante os meses de Novembro e Decembro.

13. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus propietarios nos dous meses posteriores ao do 9 de Xaneiro de 2012, no “Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández” da Deputación Provincial. Unha vez transcorrido ese tempo, os traballos pasarán ó arquivo da Organización, e poderán ser utilizados, nomeando a súa autoría, para promoción da Romaría Etnográfica Raigame.

14. A participación en calquera das diferentes modalidades deste concurso implica a total aceptación das presentes bases.

## ADENDA

### Premio honorífico “Xan de Barros”

Co fin de recoñecer a persoas ou colectivos que se signifiquen por ter traballado no campo da promoción da Romaría Raigame ou de calquera actividade directa ou indirectamente relacionada con ela, así como cos valores etnográficos que esta Romaría pretende exaltar, creouse no ano 2009, o premio honorífico “Xan de Barros” (en lembranza do persoeiro no que Curros Enríquez personifica ó crego de Vilanova dos Infantes que instituíu a romaría da Virxe do Cristal).

Un xurado formado por representantes dos estamentos organizadores e patrocinadores da Romaría Etnográfica Raigame, escollerán ós premiados de entre todas as propostas que se poidan realizar internamente ou daqueloutras que se lle fagan chegar a través de terceiras persoas.

A persoa ou colectivo galardoado será dado a coñecer publicamente a través dos medios de comunicación antes do día 17 de maio e o premio seralle entregado o propio día 17 de maio no transcurso dun acto público que terá lugar ao longo da xornada de celebración da Romaría.

# PREMIO HONORÍFICO “XAN DE BARROS”: VILANOVA E OS SEUS VECIÑOS

Vilanova dos Infantes é unha localidade na que os seus habitantes sempre estiveron cheos de vitalidade e iniciativas. Unha produtiva artesanía do calzado durante gran parte do século XX, a súa Banda de Música, de recoñecido nome en toda Galicia, a romaría do Cristal, co seu santuario, a súa virxe e a súa danza, son exemplos de que os veciños de Vilanova queren e gustan de participar de actividades exitosas.

Cando xurdiu a idea de crear unha “romaría-feira etnográfica” onde se puidera conxugar a mostra da cultura popular galega coa participación activa do público, presentándoa ademais dun modo didáctico e lúdico, apareceu o problema da localización e o burgo medieval de Vilanova dos Infantes foi a solución.

Dende o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, o Concello de Celanova e o pedáneo de Vilanova, Manuel Meléndez, comezou o traballo de explicar en que consistía o proxecto que se pretendía botar a andar, en que ía afectar aos veciños de Vilanova e cómo poderían colaborar para que a festa que hoxe cumpre dez edicións sexa unha realidade.



A magnífica predisposición dos veciños de Vilanova fixo que todo fose máis fácil. Dende o primeiro momento gustoulles a idea de facer de Vilanova o centro das celebracións do Día das Letras Galegas cunha festa que homenaxease a nosa cultura popular, e ofreceron toda a súa colaboración para levala a cabo.

Os baixos e garaxes das súas casas, que antigamente foran cortes ou mesmo talleres de zapateiros, converteríanse durante uns días antes e cada 17 de maio no lugar onde uns descoñecidos se insta-

larían cos seus postos de artesanías. Por outro lado, Vilanova recibiría a milleiros de persoas en cada celebración da Romaría Etnográfica Raigame con todos os inconvenientes que iso acompaña: aglomeracións de xente durante todo o día, vehículos aparcados en todas as pistas e estradas próximas a Vilanova, o corte ao tráfico no núcleo urbano, acumulación de lixo polas rúas, etc.

Todas esas molestias son soportadas polos veciños con paciencia e simpatía, facendo que a organización de cada Romaría Etnográfica sexa máis sinxela e agradecida. Calquera contratempo que se produza durante a súa celebración pode ser solucionado coa súa axuda, en moitos casos sen ter que chegar ningún membro da organización para servir de intermediario, pois eles mesmos se senten parte da Organización.

Por outra banda, son tamén os mellores embaixadores e difusores da festa, falándolles dela a todos os visitantes que ten Vilanova como un dos atractivos da vila xunto á súa querida romaría do Cristal, a banda de música ou a danza.

Por todo elo son os veciños de Vilanova os merecedores, no X Aniversario da Romaría Etnográfica Raigame, do Premio Honorífico Xan de Barros.

